



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



CHAN DA PONTE, S/N
36450 – SALVATERRA DE MIÑO
PONTEVEDRA
Tel: 886101701 Fax:
886101710



F.S.E.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE



Departamento de orientación
IES Salvaterra de Miño

2021-2022

INDICE

1. Xustificación baseada no contexto

2. Marco normativo básico

3. Identificación e valoración das necesidades

4. Niveis de Concrecion Curricular

5. Determinación das actuacións

6. Medidas de Atención á Diversidade vixentes para o curso escolar 2021/2022

✓ Medidas Ordinarias

✓ Medidas Extraordinarias

7. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.

8. Mecanismos de coordinación e colaboración internos así como outras etapas educativas e cos centros adscritos.

✓ Coordinación interna

✓ Coordinación cos Centros Adscritos

✓ Coordinación coas familias e os axentes externos.

9. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.

PLAN XERAL DE ATENCION A DIVERSIDADE DO CENTRO

Este documento foi elaborado pola xefa do departamento de orientación conforme ás directrices establecidas no Decreto 229/2011 do 7 de decembro (DOG do 21 de decembro de 2011), polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na *Lei Orgánica 8/2013 (LOMCE), de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa*.

O *Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD)* é ratificado cada curso escolar polo Claustro do centro e, a proposta deste órgano, posteriormente é aprobado, tamén cada curso, polo Consello Escolar, de acordo co establecido no punto 2 do *artigo 11* do *Decreto* mencionado.

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O I.E.S. Salvaterra de Miño atópase situado na comarca do Condado, no Concello de Salvaterra, entre o val de Tea e a ribeira do Miño. Limita ao sur co río Miño, ao norte co Concello de Pontearreas, ao Leste co Concello das Neves e montes de Paradanta e, polo Oeste co Concello de Salceda de Caselas e Tui.

O Concello de Salvaterra de Miño ten unha superficie de 62,5 Km² que abrangue a unha poboación total aproximada no ano 2018 de 10.000 habitantes. Está constituído polas seguintes parroquias: Alxén, Arantei, Cabreira, Corzáns, Fiolledo, Fornelos, Leirado, Lira, Lourido, Meder, Oleiros, Pesqueiras, Porto, Salvaterra, Soutolobre, Uma e Vilacova, das que procede a meirande parte do noso alumnado.

O I.E.S. Salvaterra de Miño catalógase como un centro de ensino público, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia no que reciben formación un colectivo de aproximadamente 538 alumnos/as.

O noso centro educativo, dado que é un centro que abriu as súas portas no curso 1998-1999 conta, entre outras, coas seguintes aulas específicas: aula de tecnoloxía, varias aulas de informática, aula de plástica, aula de música, aula de audiovisuais, laboratorio de bioloxía e xeoloxía, ximnasio, laboratorio de idiomas, biblioteca, etc. Contamos tamén con aulas-materia e departamentos ou seminarios.

No IES Salvaterra de Miño impartiranse durante o presente curso académico 2021/2022 as ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), nos seus catro niveis, e os **Bacharelatos** de Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais.

Contamos tamén coa Formación Profesional Básica de Carpintaría e Moble (1º e 2º), e un Ciclo de Grao Medio de Soldadura e Caldeiraría.

O IES ten adscritos os centros educativos CEIP de Leirado, CEP Carlos Casares e o CEIP Infante Felipe de Borbón do concello de Salvaterra de Miño. O CEIP Infante Felipe xa contaba dende fai anos con Departamento de Orientación propio e un xefe de Departamento. O CEIP de Leirado e o CEP Carlos Casares contan desde o curso actual cunha orientadora para cada

un dos centros (antes tiñan orientación compartida) que ten adscritas as escolas de educación infantil do CRA As Lagoas, tamén do concello de Salvaterra de Miño. O departamento de orientación do IES coordinará, na medida do posible, o plan de actuacións destes departamentos tendo como ferramenta fundamental a reunión trimestral que facemos no instituto. Ademais contribúe con préstamo de material aos centros que o solicitan.

O Concello de Salvaterra de Miño, no que está situado o IES, pódese definir como un municipio rural coa poboación moi dispersa e con recursos socioculturais escasos. Estas son variables que se deben considerar á hora de analizar as necesidades educativas que presenta o alumnado, xa que en moitas ocasións veñen condicionadas polo baixo nivel sociocultural da familia de procedencia, as dificultades, por mor da dispersión xeográfica, das relacións sociais cos iguais fóra do que son as horas lectivas, e o difícil acceso a recursos culturais como bibliotecas, etc.

O total de alumnos e alumnas matriculados no IES neste curso é de **596**.

A poboación escolar é, polo tanto, moi heteroxénea e con características diferenciais que o Plan Xeral de Atención á Diversidade e demais documentos do centro deben ter en conta.

Considerando que un dos obxectivos prioritarios da Atención á Diversidade é a **personalización** dos procesos de ensino, tentarase dar a resposta educativa máis axeitada ás diferentes necesidades que presenta o alumnado e igualmente se partirá dun modelo de intervención que teña como liña fundamental de traballo a prevención e a atención temperá das diferentes dificultades, sempre en función dos recursos cos que contamos no IES.

Nos centros adscritos de Educación Infantil e Primaria prestarase especial atención, na medida do posible, aos procesos de adquisición das aprendizaxes instrumentais básicas, así como ao **fomento da autonomía do alumnado** cara ás técnicas de traballo intelectual.

En secundaria atenderase ao desenvolvemento social e persoal do alumnado ademais de incidir igualmente nas técnicas de traballo intelectual e nas actividades de **orientación académica e profesional**.

As actividades de tipo preventivo van dirixidas ao conxunto da poboación escolar e no Plan Xeral de Atención á Diversidade e de Orientación consideraranse igualmente aquel alumnado que, por diversas razóns, presente necesidades educativas especiais derivadas de condicións desfavorables, así coma aquel alumnado de altas capacidades. Para este fin, tanto no IES

como nos centros adscritos, cóntase con diversos recursos materiais e humanos como as aulas de apoio e as profesoras de pedagogía terapéutica, de audición e linguaxe ademais do profesorado das diferentes áreas e materias e o/a profesor/a especialista en psicoloxía e pedagogía.

Na organización do Plan Xeral de Atención á Diversidade e de orientación para o curso 2021/2022 tratarase, en resumo, de dar resposta ás necesidades e prioridades detectadas e/ou demandadas pola comunidade escolar. Tentarase integrar as actividades do departamento de orientación na dinámica ordinaria do centro, tratando de que as funcións e competencias deste departamento sexan coñecidas, ao remate do curso, por todos os membros que compoñen a comunidade educativa.

Pensamos que coa **LOMLOE** varía o compromiso do sistema educativo, o cal é establecer unha **educación de calidade para todo o alumnado**, equidade na educación que garanta a igualdade de oportunidades e o esforzo compartido por todas as persoas que compoñen a comunidade educativa. O departamento de orientación fará que se manteñan eses obxectivos ou finalidades básicas con especial atención ás medidas de atención á diversidade por ser unha necesidade de todo o alumnado e de todas as etapas educativas, converténdose, polo tanto, no principio reitor da nosa actividade.

Tamén, dende o noso departamento, teremos moi en conta o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades afectivas do alumnado, a transmisión dos valores que favorezan a prevención de conflitos e resolución pacífica dos mesmos, a liberdade persoal, a responsabilidade, a tolerancia, a igualdade e a xustiza, que son os que constitúen a base da vida en común dentro dos principios democráticos de convivencia.

Unificando todos estes principios e buscando que se convirtn nunha realidade, destácase a importancia de concibir a formación como un proceso permanente que se desenvolve durante toda a vida; polo tanto é imprescindible incrementar a flexibilidade para permitir o tránsito da formación ao traballo e viceversa.

Dende o curso 2008-2009 xa temos en conta na planificación do D.O o **traballo por competencias**, tamén á hora de atender á diversidade do alumnado, neste curso temos en conta as sete competencias clave propostas pola **LOMCE** e que non varían coa **LOMLOE**.

Na actualidade, no ensino secundario, temos alumnado cada vez máis diverso e heteroxéneo,

debido á ampliación da escolarización obrigatoria ata os 16 anos e á inclusión dun colectivo, ata fai uns anos ausente neste tramo educativo, como é o caso do alumnado con necesidades educativas especiais. En termos xerais, nesta etapa educativa, o alumnado pódese agrupar, entre outros, en varios grupos ou colectivos:

1. Alumnado que cursa de maneira ordinaria a etapa pero que posúen distintos intereses e opcións académicas e profesionais.
2. Alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe transitorias en determinados momentos ou materias curriculares.
3. Alumnado cun importante atraso global da escolaridade e/ou con dificultades de aprendizaxe significativas en varias materias.
4. Alumnado que presenta condicións persoais de discapacidade sensorial, motora ou intelectual.
5. Alumnado con problemas de comportamento, en xeral.
6. Alumnado que posúe altas capacidades intelectuais.

A atención á diversidade constitúe así un mecanismo de axuste da oferta educativa ás capacidades, intereses e necesidades do alumnado que actúa como elemento compensador das desigualdades en educación, polo que constitúe o principio complementario da comprensividade curricular e un instrumento básico para a constitución dunha escola inclusiva. Este verdadeiro compromiso social, enfatizado polas sucesivas Leis Orgánicas que se veñen promulgando nos últimos anos, obriga ás institucións escolares e ás comunidades educativas a responder a un dos principais retos que ten o noso sistema educativo: a resposta educativa á diversidade.

O IES Salvaterra de Miño escolariza maioritariamente alumnado procedente do CEP Carlos Casares de Alxén, do CEIP Infante Felipe de Borbón de Salvaterra e do CEIP Leirado de Leirado, centros adscritos ao IES, e unha pequena minoría de alumnado procedente de Salceda de Caselas que vai medrando curso a curso. Tamén temos alumnado procedente de concellos limítrofes, como Pontearreas, que veñen, principalmente, a cursar o ciclo formativo de grao medio de Soldadura e Caldeiraría.

A meirande parte do alumnado provén dun entorno rural, cun nivel socio-cultural baixo e medio-baixo.

2. MARCO NORMATIVO BÁSICO

- **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación no seu artigo 11 expón que será o D.O. o responsable de elaborar o Plan Xeral de Atención á Diversidade, que formará parte da Programación Xeral Anual, de acordo coas directrices da comisión pedagóxica e as achegas dos departamentos didácticos que trasladarán ao equipo directivo e que será aprobado no Consello Escolar por proposta do Claustro.

Neste Decreto o capítulo I do título preliminar establece os principios e fins do sistema educativo; entre os principios que o inspiran destacan a calidade da educación para todo o alumnado; **a equidade**, a **inclusión educativa** e a **non discriminación**; a concepción da educación ao longo de toda a vida; a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado; a orientación educativa e profesional do estudiantado; o esforzo compartido por alumnado, nais, pais ou titores e titoras legais, profesorado, centros, administracións, institucións e o conxunto da sociedade, e a autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares. Mediante eses principios trátase de conseguir o éxito escolar de todo o alumnado.

- **Lei Orgánica 3/2020 (LOMLOE), de 29 de decembro**, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- **Lei Orgánica 8/2013 (LOMCE), de 9 de decembro**, para a mellora da calidade educativa.
- **Real Decreto Lexislativo 1/2013 de 29 de novembro**, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inserción social. (*Este Decreto deroga a LISMI*)
- **Artigo 16º “Alumnado con n.e.a.e” do Decreto 105/2014, do 4 de Setembro**, polo que se establece o currículo de Educación Primaria (en referencia ao alumnado de nova admisión).
- **Artigo 7º “Alumnado con n.e.a.e” e o Capítulo III “Orientación e Atención á Diversidade” do Decreto 86/2015, do 25 de Xuño**, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato.
- **Orde de 6 de Outubro de 1995**, que regula as adaptacións do currículum (así como o

reforzo educativo).

- **Orde do 20 de Febreiro de 2004** pola que se establecen as medidas de Atención Específicas para o alumnado procedente do extranxeiro.
- **Circular 9/1999**, da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e F.P., pola que se ditan instrucións para a atención á diversidade na E.S.O.
- **Orde de 27 de Decembro de 2002**, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos de alumnado de educación non universitaria con N.E.E.
- **Circular 8/2009**, da Dirección Xeral de Educación, F.P. e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de E.S.O.
- **Instrucións do 17 de xuño de 2021**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2021/2022, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

A recollida de información necesaria para a identificación do alumnado con necesidades educativas de apoio ou reforzo, así como doutras medidas de atención á diversidade recollidas neste plan, farase a través de:

a) Recollida de Información dos CEIP adscritos:

Ao longo do curso o departamento de orientación manterá reunións trimestrais cos responsables de orientación das escolas adscritas antes nomeadas co obxectivo de recoller información do alumnado que previsiblemente se vaia incorporar ao noso IES para facilitar a **continuidade na progresión da acción educativa**, **integrar** a todo o alumnado no seu novo grupo e na dinámica do centro e conseguir dar **respostas axeitadas** a aquel que poida requirir dun apoio especial.

b) Sesións de avaliación:

- **Avaliación Inicial:** A comezos de Outubro realizarase a avaliación inicial en cada un dos cursos de ESO, nas que se recollerá información sobre:
 - a) Nivel de competencia curricular de cada área/materia.
 - b) Integración no grupo-clase e no centro
 - c) Axustes das medidas educativas propostas
 - d) Aspectos organizativos de aula
- Realizaranse **tres sesións de avaliación** coincidindo cos tres trimestres do curso: primeira, segunda e terceira avaliación, esta última coincidirá coa avaliación ordinaria. En setembro realizarase unha **sesión de avaliación extraordinaria** na ESO e no Bacharelato.

c) Xuntanzas de nivel: Realizaranse quincenalmente reunións do profesorado titor de cada nivel co/coa xefe/a de estudos e co/coa xefe/a do departamento de orientación. Nestas reunións farase o seguimento da evolución académica do alumnado e do desenvolvemento do Plan de Acción Titorial.

d) Reunións do equipo docente: Ademais das preceptivas xuntas de avaliación realizaranse, sempre que se considere necesario, para unha mellor coordinación do profesorado do grupo.

e) Revisión de informes e informacións varias que se elaboraran no centro de procedencia. Nos casos que se considere oportuno, baixo demanda e co acordo da familia, o departamento de orientación en colaboración co profesorado realizará as avaliacións psicopedagóxicas e informes pertinentes.

f) Coordinación e seguimento, dos casos que o requiran, cos Servizos Sociais do concello, Centro de Saúde e outras institucións ou asociacións.

Para calquera intervención específica do departamento de orientación co alumnado do centro con necesidades específicas de apoio educativo ou necesidades educativas especiais, fóra das máis ordinarias, que requira o acordo das familias, requírese demanda por escrito ao/a xefe/a do departamento de orientación da persoa titora do grupo.

4. NIVEIS DE CONCRECIÓN CURRICULAR

A Atención á Diversidade adopta formas diferentes segundo o nivel de concreción curricular no que nos atopemos.

No Decreto sobre desenvolvemento Curricular:

- No seu carácter aberto e flexible.
- No equilibrio entre os diferentes tipos de contidos e o grao de adquisición.
- No equilibrio no desenvolvemento das distintas capacidades.
- Nos principios metodolóxicos.
- Na avaliación.
- Na optatividade crecente ó longo da

etapa. Nas concrecións curriculares:

- Na adecuación dos obxectivos da etapa ás características e posibilidades de cada alumno.
- Nas programacións das distintas áreas.
- Nas medidas de atención a diversidade.
- Nas materias optativas propostas.
- No Plan de Acción Titorial e no Plan de Orientación Académica e

Profesional. Na aula:

- Na selección, organización e secuenciación dos contidos.
- No deseño das estratexias didácticas.
- Nos procedementos de avaliación.
- Nas adaptacións ordinarias do currículo.

5. DETERMINACIÓN DAS ACTUACIÓNS

Os obxectivos deste *PAD* inspíranse nos principios contemplados na **LOE**, no Título Preliminar, Capítulo I, e, por suposto, na **LOMCE**, na **LOMLOE** e no **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**.

- a) A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.
- b) A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais,

culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de discapacidade.

- c) A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.

Actuacións dos centros docentes.

No marco das actuacións destinadas a adecuar a resposta educativa á diversidade, os centros docentes deberán:

1. Tomar as decisións e adoptar as medidas que optimicen a acción educativa respondan ás necesidades do alumnado e contribúan á consecución das competencias e dos obxectivos das diferentes etapas e ensinanzas.
2. Diseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumna e de cada alumno.
3. Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión do centro.
4. Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.
5. Optimizar a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo.

Obxectivos básicos:

1. Dar respostas educativas, organizativas e curriculares, adaptadas ás diversas características individuais que presenta o alumnado referidas a capacidades, motivacións, intereses, estilos ou ritmos de aprendizaxe.
2. Recoñecer e respectar as peculiaridades e necesidades do alumnado, no convencemento de que estas son diversas e esixen unha resposta personalizada.
3. Previr, detectar e avaliar as necesidades educativas do alumnado do centro derivadas dos distintos factores que causan a diversidade de condicións persoais, dispoñendo os instrumentos e estratexias máis adecuadas: avaliación ordinaria e a avaliación

psicopedagóxica, se fora necesaria, e propoñer, no seu caso, as medidas educativas ou a modalidade de escolarización máis adecuada a través do ditame de escolarización.

4. Previr o abandono do sistema educativo, a inadaptación ou fracaso escolar.
5. Asesorar ao alumnado, profesorado e familias no proceso de ensinanza-aprendizaxe para garantir unha resposta educativa personalizada e especializada.
6. Prestar os reforzos e apoios especializados a aquel alumnado que o requira.

6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE VIXENTES PARA O CURSO ESCOLAR 2021/2022.

6.1 Medidas Ordinarias *(Art. 8º do Decreto 229/2011 do 7 de decembro)*

No marco deste decreto, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adequación do currículo prescricional, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de cada etapa ou ensinanza, entre as medidas ordinarias de atención á diversidade que temos en funcionamento neste curso académico 2021-2022 son as seguintes:

a) Adequación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

A dirección do centro determinará os agrupamentos de alumnado nos diferentes niveis seguindo dentro do posible criterios de carácter pedagóxico e organizativos en función das necesidades do alumnado e da dispoñibilidade de recursos materiais e persoais. Todas as aulas están dotadas de diversos medios técnicos (proxeutor e ordenador) para facilitar o uso de recursos didácticos que requiran medios audiovisuais, con acceso á rede e a materiais informáticos. Ademais, as aulas do centro están organizadas como aulas de materia dos diversos departamentos. Os grupos de reforzo, os agrupamentos e grupos de mellora asisten

a aulas máis pequenas e doutras características, nalgún caso. Tamén contamos cunha aula de apoio con material adaptado e recursos técnicos e didácticos para atender o alumnado con necesidades específicas de aprendizaxe.

b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado

Os departamentos determinarán nas correspondentes programacións didácticas as competencias, os obxectivos e contidos básicos da materia que constituirán a base para determinar e realizar os reforzos tanto na aula con todo o alumnado como a nivel individual ou en pequenos grupos de reforzo. Esta medida, no caso de ser necesario, aplicarase ao longo do curso, dependendo das necesidades detectadas.

c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión

Prestarase especial atención á participación do alumnado con necesidades educativas especiais. No centro levamos, por parte dalgún profesorado voluntario, tres cursos desenvolvendo unha experiencia cooperativa co alumnado de 1º de ESO. Este ano esta medida vaise adoptar, por decisión dos titores e profesores, nalgunhas materias e cursos como 2º e 3º da ESO.

d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación

En cada momento o profesorado, tendo en conta as características e dificultades do alumnado, e para a consecución de determinadas competencias e/ou obxectivos, pode variar a temporalización na realización das actividades, modificando e flexibilizando estas para que sexan variadas, motivadoras e con diverso nivel de dificultade. Do mesmo xeito sería convinte ter en conta a modificación dos tempos na avaliación nos casos e contextos que así o requiran (alumnado con *TDAH, TEA, discapacidade visual*). Aspectos que se terán en conta, sobre todo polo nº de alumnos que hai no centro con patoloxías diversas e discapacidade.

e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia

O Centro está dotado dunha Aula de Convivencia, onde é atendido o alumnado expulsado da aula ordinaria.

f) Desdobramentos de grupos

Esta medida non está en funcionamento neste curso escolar.

g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria

Esta medida adoptarase ao longo do curso segundo as necesidades manifestadas polo alumnado (sobre todo co alumnado con dificultades de aprendizaxe severas e alumnado con neae) e a dispoñibilidade horaria dos docentes.

h) Programas de enriquecemento curricular

Nas programacións de cada materia, os departamentos deberán contemplar a inclusión de obxectivos, contidos e planificar actividades de ampliación ou enriquecemento para alumnado con bo rendemento escolar e/ou altas capacidades. Este ano, temos unha alumna en 2º da ESO, aínda que está sen diagnosticar, e un alumno en 4º ESO en proceso de diagnóstico. Faráselle un seguimento e se estes alumnos o demandan e, co consentimento do Servizo de Inspección, faráselle un Enriquecemento horizontal.

i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas

Neste curso escolar segundo as decisións adoptadas na Avaliación Inicial, procuraremos que o alumnado que tivo reforzo educativo no curso pasado, no caso de precisalo, teña continuidade neste reforzo, así o alumnado que se prevee que poida precisar esta medida sería o seguinte:

- 10 alumnos de 1º de ESO e que accederon dende E. Primaria por promoción obrigada ou con severas dificultades nas materias troncais.
- 10 alumnos repetidores de 1º de ESO.
- 6 alumnos repetidores de 2º de ESO.

j) Programas de recuperación

Quen curse Programas de Recuperación **poderá quedar exento de cursar a materia de 2ª Lingua estranxeira.** En relación a esta medida, temos este ano o seguinte alumnado proposto:

- 10 alumnos/as en 1º da ESO
- 4 alumnos/as en 2º da ESO.

k) Programas específicos personalizados

A Circular 8/2009, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de ESO, establece que o alumnado repetidor de todos os cursos de ESO, seguirá un programa específico personalizado, orientado á superación das dificultades comunicadas polo seu profesorado titor do curso anterior

En 1º e 2º de ESO deberán contemplar, ademais, a posible incorporación deste alumnado a un programa de reforzo das áreas instrumentais ou de recuperación doutras áreas, se os houbera no centro. Nese caso este alumnado quedaría eximido da realización do programa específico personalizado na dita área. En relación a este dato teríamos a seguinte relación de alumnado repetidor, repartidos en diversos cursos das Etapas:

- 10 alumnos en 1º da ESO.
- 6 alumnos en 2º da ESO.
- 4 alumnos en 3º da ESO.
- 1 alumno en 4º da ESO.

I) Programas de habilidades sociais.

Este Programa de Habilidades Sociais desenvolverase no suposto de haber un nº determinado de alumnos con problemas conductuais.

6.1 Medidas Extraordinarias (Art. 9º do Decreto 229/2011 do 7 de decembro)

No marco deste decreto, do que estamos a falar ao longo de todo o *PXAD*, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da secretaría xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

a) Adaptacións curriculares

No curso pasado 2020-2021 tivemos varios alumnos/as con adaptación curricular aprobada polo servizo de inspección educativa e pensamos que, a partires de avaliación inicial en outubro, este curso teñamos máis ou menos o mesmo alumnado con ACS en función das necesidades que detectemos. Neste curso académico temos escolarizada unha alumna con Síndrome de Down en 2º da ESO, que precisará que se lle continuen as AC's en diversas materias do curso pasado.

b) Agrupamentos flexibles.

Consiste en realizar desdobramentos transitorios co alumnado de distintos grupos do mesmo nivel cun atraso académico xeneralizado para constituír grupos específicos nunha ou varias materias.

Neste curso escolar non temos esta medida en funcionamento.

c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe

Para o alumnado con necesidades educativas especiais e dificultades de aprendizaxe diagnosticadas previamente ou que poidan xurdir ao longo do proceso educativo e fundamentalmente no primeiro ciclo de ESO.

A previsión para este curso escolar é de 10 alumnos aproximadamente, repartidos nos cursos de 1º e 2º da ESO. O pasado curso 10 alumn@s pasaron pola aula de apoio saíndo dos seus grupos ordinarios para seren atendidos pola mestra especialista en pedagogía terapéutica.

d) Flexibilización da duración do período de escolarización

Non temos esta medida prevista para este curso académico.

e) Formación Profesional Básica

Neste curso 2021-2022 temos os dous cursos da *FP Básica de Carpintería e Moble* no centro coa seguinte distribución de alumnado:

- 20 alumnos/as en 1º curso.
- 9 alumnos/as en 2º curso.

f) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo

A atención educativa hospitalaria e/ou domiciliaria ten por finalidade a continuidade do proceso formativo do alumnado que, por prescripción facultativa, debido a enfermidade ou

lesión, non poida asistir con regularidade ao centro por un período prolongado de tempo.

Neste momento non temos ningún alumno nestas circunstancias.

g) Grupos de adquisición das linguas

Trátase de programas destinados a asegurar unha competencia lingüística básica do alumnado estranxeiro cun descoñecemento total ou parcial das linguas obrigatorias en Galicia.

Neste curso escolar non temos ningún alumno con esta casuística.

h) Grupos de adaptación da competencia curricular

Esta medida estará dirixida ao alumnado procedente do estranxeiro que presente un desfase curricular de dous ou máis cursos con respecto ao que lle correspondería pola súa idade. Son agrupamentos flexibles que teñen por finalidade, a través dunha atención individualizada, o progreso na competencia curricular, de xeito que posibiliten a plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se atope escolarizado o alumno ou alumna.

Neste momento non temos ningún alumno nestas circunstancias.

7. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

- As medidas de atención á diversidade organizaranse dentro do horario xeral do instituto ou, cando este permaneza aberto, a través do uso flexible dos recursos persoais, dos espazos e dos medios dispoñibles. A planificación concreta das mesmas e a realización das actividades de apoio e reforzo correspondentes dependerá do tipo de medida e as condicións que se establezan neste plan para aplicalas.

- A aplicación, organización e distribución das medidas propostas dependerá, por tanto, en primeiro lugar da dispoñibilidade de recursos persoais (profesorado con horario suficiente nos departamentos correspondentes), de espazos adecuados e aulas libres no caso das medidas de carácter grupal, e, nalgúns casos, da posibilidade de contar con recursos materiais e medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados.

- Tamén dependerá do tipo de dificultades e necesidades que se detecten ao inicio de cada curso e da valoración do tipo de medidas máis axeitadas para atendelas. No caso de propoñer medidas de carácter organizativo que supoñan a formación de grupos, dependerá de que

exista un número de alumnado suficiente cun perfil apropiado para poñelas en práctica e profesorado.

- Flexibilidade curricular e organizativa na aplicación das medidas, tanto ordinarias como extraordinarias, cando se detecten novas necesidades educativas en calquera momento do curso para favorecer o acceso ao currículo de todo o alumnado mediante a organización adecuada dos elementos materiais, e dos recursos persoais e materiais do centro.

- A aplicación dalgunhas medidas ordinarias, e todas as extraordinarias, desenvolveranse con alumnado informado polos profesionais de orientación, e/ou polos equipos docentes nas avaliacións. En calquera caso, cada medida ten o seu protocolo específico e regulado para determinar a súa aplicación a un alumno/a ou a un grupo de alumnos/as.

- A maioría das medidas de carácter ordinario pode desenvolverlas o profesorado na súa aula informando simplemente ao titor/a e ás familias, seguindo os criterios establecidos nos departamentos correspondentes e neste Plan de Atención á Diversidade.

- Priorizar as medidas de carácter organizativo (desdobres, agrupamentos, grupos de reforzo e recuperación de pendentes) así como os apoios individualizados nos primeiros cursos de ESO. A atención temperá segue a ser obxectivo determinante do departamento.

- A finalidade dunha gran parte das medidas de apoio educativo será reforzar as materias de carácter instrumental (linguas e matemáticas) incidindo na consecución e dominio das competencias básicas das mesmas.

Tamén, no que respecta á **organización** e distribución dos recursos á hora de aplicar as medidas anteriormente propostas determinaranse as seguintes **prioridades**:

1. *Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e alumnado procedente do estranxeiro*
2. *Alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe*
3. *Alumnado en risco de fracaso escolar*
4. *Alumnado de 1º e 2º da ESO*

Os **recursos** cos que contamos para levar a cabo este Plan de Atención á diversidade son:

Recursos humanos:

- Equipo directivo
- Equipo docente
- Departamento de Orientación: especialista en psicoloxía e pedagogía, especialista en pedagogía terapéutica, profesorado titor e profesor/a de formación e orientación laboral.

- Equipo de Orientación Específico
- Servizos Sociais

Recursos materiais:

- Aula de Pedagogía Terapéutica
- Departamento de Orientación
- Aula de Convivencia
- En xeral, recursos e instalacións para o uso de todo o alumnado dispoñibles: aulas, aulas de informática, laboratorios, departamentos, etc.

A dispoñibilidade dos recursos humanos e materiais estará condicionada pola organización académica do centro. O profesorado poderá completar o seu horario con medidas de atención á diversidade para o alumnado que así o precise.

A máis, para levar a cabo calquera intervención, *“esta ten que vir precedida dunha solicitude escrita procedente dos ámbitos escolar ou familiar, segundo o modelo que o Departamento de Orientación do centro teña establecido no Plan xeral de atención á diversidade” (Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo, 2017).*

8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASI COMO OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS.

✓ COORDINACIÓN INTERNA:

- Para asegurar un desenvolvemento adecuado das actividades de reforzo e apoio é necesario establecer unha coordinación entre o profesorado que imparte estes reforzos e o profesorado das materias, especialmente das instrumentais.
Os departamentos determinarán as directrices que rexerán esta coordinación co obxecto de lograr a conexión e continuidade entre o traballo que se realiza na aula e o que se realiza nos reforzos e apoios, así como o seu peso na avaliación da materia.
- O/A orientador/a manterá unha reunión quincenal cos titores/as de cada nivel de ESO e coa xefa de estudos, incluída nos horarios, para coordinar as actuacións da titoría e para realizar un seguimento do alumnado con necesidades educativas de diversa índole.
- A mestra especialista en Pedagogía Terapéutica réunese co/coa orientador/a sempre que un/unha dos/das dous/dúas o necesita ou demanda, para realizar o seguimento e valoración do alumnado que recibe atención específica na aula de apoio.
- Os profesores/as que imparten os ámbitos lingüístico-social e científico-técnico nos PMAR réunense quincenalmente co/coa orientador/a e coa xefa de estudos para

realizar un seguimento da evolución do alumnado destes grupos.

- Reunións da *CCP* (Comisión de Coordinación Pedagóxica).
- Reunións de avaliación e reunións dos equipos docentes de determinados grupos convocados pola dirección do centro.
- Reunións informais dos compoñentes do departamento de orientación con xefes/as doutros departamentos, ou con profesorado en xeral que aplica, ou non, calquera medida atención á diversidade, para asesorar ou recoller información sobre a evolución do alumnado concreto.
- Xuntanzas de nivel, Reunións de equipo docente, Informes do alumnado...

✓ **COORDINACIÓN COS CENTROS ADSCRITOS:**

- O departamento de orientación realiza a coordinación preceptiva cos departamentos de orientación dos centros adscritos. Os responsables de orientación dos centros de primaria acoden, coma mínimo, a tres reunións anuais do departamento de orientación ao noso instituto para asegurar a coordinación, a coherencia e o traspaso de información.
- Reunións de coordinación entre etapas.
- Ao longo do curso terase unha reunión de coordinación ao trimestre, na que se acordarán aspectos de traballo comúns entre as etapas de ESO e Primaria nos que facer un maior fincapé durante o curso.

Reunión ao remate do curso escolar coa finalidade de recoller información do alumnado que, previsiblemente, se vai incorporar ao IES para facilitar a continuidade na progresión da acción educativa, integrar a todos os alumnos no seu novo grupo e na dinámica do centro e conseguir dar respostas axeitadas ao alumnado que poida requirir dun apoio especial.

- Xornada de portas abertas. No 3º trimestre o alumnado de 6º EP visitará as instalacións do IES nunha xornada de portas abertas. Nesta xornada, na que serán recibidos polo equipo directivo e, no seu caso, pola xefatura do departamento de orientación, farán un percorrido polo IES no que observarán prácticas de laboratorio e coñecerán as distintas dependencias do centro, profesorado e compañeiras e compañeiros dos vindeiros cursos.

✓ **COORDINACIÓN COAS FAMILIAS E AXENTES EXTERNOS:**

- Pola súa parte, dende o departamento de orientación, establecerase un horario semanal de atención a pais/nais (prescriptivo por lei no horario) ou titores legais no que

estes poderán solicitar asesoramento, información etc.

- Así mesmo, informarase aos pais/nais ou titores legais daquelas medidas de atención á diversidade nas que participe o seu fillo/a e solicitaráselle autorización cando esta sexa necesaria. Tamén se lles manterá informados da evolución do/a alumno/a con respecto ás mesmas.
- Manterase unha estreita colaboración cos Servizos Sociais do Concello e outras institucións do entorno, nos casos de alumnado con unha casuística familiar-social desfavorable.
- Solicitaremos a intervención do Equipo de Orientación Específico de Pontevedra cando sexa preciso asesoramento e/ou intervención en aspectos psicopedagóxicos específicos e /ou cuestións sociais ou mesmo familiares dun alumno cando estas teñan incidencia no ámbito educativo.

9. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

O seguimento deste plan será continuo e realizarase en diversos niveis coma son as reunións de coordinación dos titores e titoras de ESO co/coa orientador/a e a xefa de estudos. Tamén nas xuntanzas do/a orientador/a coa mestra especialista en Pedagogía Terapéutica ou nas reunións periódicas do/a orientador/a cos profesores/as que imparten os ámbitos nos grupos de mellora. Por suposto, nas avaliacións preceptivas: avaliación inicial, nas tres avaliacións ordinarias do curso e na reunión da avaliación extraordinaria de setembro e nas reunións que convoque a xefatura de estudos co profesorado dun/dunha alumno/a ou grupo determinado co obxectivo de establecer criterios e pautas de actuación respecto ás necesidades educativas dese alumnado para tomar, se fose o caso, decisións sobre medidas de atención.

Tamén, o/a xefe/a do departamento de orientación realiza a memoria final do curso incluíndo a valoración global das medidas de atención á diversidade aplicadas o os seus resultados e, a dirección do centro, cos aportes e achegas dos diversos departamentos, realiza a valoración global do desenvolvemento dos distintos plans no Plan anual de centro.

Os **criterios de avaliación** para determinar a calidade do plan, que teremos en conta serán, entre outros, os seguintes:

- Coherencia do plan coas necesidades do centro.
- Desenvolvemento das competencias básicas.
- Grao de implicación e cooperación dos responsables no desenvolvemento do plan.
- A concordancia entre obxectivos e actividades. O grao de consecución dos obxectivos propostos.

- A variedade e innovación de actividades propostas.A eficacia metodolóxica. A conciliación da temporalización.
- A adecuación dos recursos humanos, didácticos e espaciais.
- A implicación e o nivel de colaboración e participación dos distintos sectores da comunidade educativa.
- A satisfacción das familias, profesorado e o alumnado.

Ao final de curso, realizarase unha **memoria** na que se recollerán, alomenos, o seguintes aspectos:

1. Modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento do plan e cambio, se procede, na realidade educativa.
2. Valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos no plan, así coma a implicación e participación dos diferentes profesionais que colaboren neste.
3. Conclusións e propostas concretas de mellora.

A memoria será redactada polo/a xefe/a do departamento de orientación e incorporarse á memoria anual do centro.

A xefa do departamento de orientación

Susana Regueiro Pérez

Salvaterra de Miño a 15 de Setembro de 2021
